



Actividades escolares 2021-2022

LIMIAR



INTRODUCCIÓN.....	3
MUSEO DO MAR DE GALICIA	
ACTIVIDADES PRESENCIAIS	
2º ciclo de infantil a 1º ciclo de primaria.....	6-9
3º a 6º primaria.....	11-16
Secundaria e bacharelato.....	18-21
ACTIVIDADES EN LIÑA.....	23-25
CENTRO ARQUEOLÓXICO DO AREAL "SALINAE"	
ACTIVIDADES PRESENCIAIS.....	29-30
ACTIVIDADES EN LIÑA.....	32
CONDICIÓNS DAS ACTIVIDADES E RESERVAS.....	34



INTRODUCCIÓN



Dende a Fundación Museo do Mar de Galicia estamos moi emocionados/as porque este curso 2021-2022 retomamos as nosas actividades presenciais para escolares ao 100%, mais non abandonaremos as actividades en liña, xa que nos parecen un xeito de poder chegar a todos aqueles centros que non podan vir presencialmente.

As nosas actividades seguen sendo dinámicas e participativas, buscando que o alumnado aprenda algo novo e interesante relacionado cos nosos contidos expositivos ao mesmo tempo que se divirte.



Esperamos que vos animeades a vir a visitarnos e pasar unha mañá diferente, e no caso de que non podades lembrade que sempre tedes a opción de realizar unha actividade en liña!

Aquí tedes as nosas actividades, esperamos que vos gusten!






MUSEO DO MAR DE GALICIA

Avda. Atlántida, 160. 36208. Vigo



ACTIVIDADES PRESENCIAIS

2º ciclo de *infantil* a 1º ciclo de *primaria*



CURSOS:

2º ciclo infantil

1º e 2º primaria

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 50 participantes

DURACIÓN:

60 min. aprox



OS TESOUROS DO MAR

Actividade que nos vai a permitir coñecer a diversidade mariña da nosa ría. Faremos esta viaxe pola riqueza da nosa costa amosando diferentes mostras dos distintos animais e plantas que a habitan e visitaremos o acuario para poder ver algunhas desas especies en directo.

Obxectivos xerais.

- Coñecer algúns aspectos elementais da vida mariña.
- Concienciar da importancia e singularidade da biodiversidade do litoral e particularmente das rías de Galicia.
- Fomentar aptitudes respectuosas cara o medio mariño.



CURSOS:

2º ciclo infantil

1º e 2º primaria

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 50 participantes

DURACIÓN:

60 min. aprox



FAROS

Actividade que nos achega ao funcionamento dun faro, coñeceremos a súa mecánica e como dirixen aos barcos.
Remataremos a nosa actividade realizando un pequeno faro que nos levaremos a casa

Obxectivos xerais.

- Coñecer o funcionamento dun faro antigo e actual e o traballo dos fareiros..
- Fomentar unha actitude de respecto e admiración polos avances tecnolóxicos.
- Comprender como as sinais marítimas se adaptaron aos avances tecnolóxicos.



CURSOS:

2º ciclo infantil

1º e 2º primaria

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 50 participantes

DURACIÓN:

60 min. aprox



SON PEIXES?

A actividade humana xera residuos que terminan na nosa contorna próxima, o mar. Mediante un xogo coñeceremos a problemática dos refugallos no mar e como cun pequeno cambio nos nosos hábitos podemos axudar á fauna mariña que coñeceremos visitando o noso acuario

Obxectivos xerais.

- Experimentar a importancia da conservación dos recursos mariños.
- Valorar a importancia e singularidade da biodiversidade do litoral e das costas de Galicia e a presenza de refugallo na cadea trófica.
- Impulsar aptitudes respectuosas cara o medio mariño.
- Fomentar o consumo de produtos respectuosos co medio ambiente, o embalaxe dos alimentos, particularmente dos mariños e o reciclaxe.



CURSOS:

2º ciclo infantil

1º e 2º primaria

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 25 participantes

DURACIÓN:

30 min. aprox



ALIMENTACIÓN DOS PEIXES DO ACUARIO

Todos os venres sobre ás 12:00 poderán ver como un dos nosos acuaristas se mergulla no acuario para dar de comer aos seus habitantes e coñecer un pouco máis sobre como é a súa alimentación e os seus coidados. Ademais explicárase brevemente o funcionamento técnico do acuario.

Obxectivos xerais:

- Acercamento do traballo dos acuaristas.
- Apreciar a grande diversidade de peixes existentes e o seu valor biolóxico.
- Concienciar sobre os perigos dos comportamentos medioambientalmente irresponsables





ACTIVIDADES PRESENCIAIS

3º a 6º de primaria



CURSOS:

3º a 6º primaria

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 50 participantes

DURACIÓN:

90 min. aprox



INTERMAREAL

Vivimos nun espazo marabilloso cunha diversidade mariña espectacular e pouco coñecida, Con esta actividade os/as participantes coñecerán unha parte da flora e fauna mariña da nosa ría por medio da observación directa no acuario e na nosa praia, que percorreremos en marea baixa

Obxectivos xerais.

- Comprender a inxente variedade de seres vivos que habitan nos diversos ecosistemas mariños e as súas adaptacións ao medio na procura da supervivencia.
- Observar directamente as adaptacións, características e formas dos animais acuáticos en relación á contorna no que viven. Fomentar aptitudes respectuosas cara o medio mariño e preservar o ecosistema.



CURSOS:

3º a 6º primaria

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 25 participantes

DURACIÓN:

30 min. aprox



ALIMENTACIÓN DOS PEIXES DO ACUARIO

Todos os venres sobre ás 12:00 poderán ver como un dos nosos acuaristas se mergulla no acuario para dar de comer aos seus habitantes e coñecer un pouco máis sobre como é a súa alimentación e os seus coidados. Ademais explicárase brevemente o funcionamento técnico do acuario.

Obxectivos xerais:

- Acercamento do traballo dos acuaristas.
- Apreciar a grande diversidade de peixes existentes e o seu valor biolóxico.
- Concienciar sobre os perigos dos comportamentos medioambientalmente irresponsables



CURSOS:

3º a 6º primaria

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 50 participantes

DURACIÓN:

90 min. aprox



ARTES DE PESCA

Nesta proposta didáctica, achegarémonos ao enxeño desenvolvido a través da historia polas xentes que viviron no noso litoral co fin de obter e explotar os diferentes recursos pesqueiros e marisqueiros. Coñeceremos mellor o seu traballo cos elementos expostos na sala de "Historia da pesca" e, para rematar, cada alumna/o fabricará un aparello de pesca tradicional: unha raña para captura do polbo.

Obxectivos xerais.

- Valorar e transmitir a riqueza de coñecementos e tradicións herdados dos nosos devanceiros e as súas formas de vida.
- Coñecer diferentes recursos e elementos feitos con materiais do propio entorno que historicamente foron usados ó longo de séculos para pescar e mariscar.
- Descubrir a importancia do mar como fonte de recursos alimentarios.
- Fomentar a importancia do patrimonio cultural xa sexa material ou inmaterial en relación específica coas artes de pesca tradicionais en uso ou xa desaparecidas.



CURSOS:

3º a 6º primaria

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 50 participantes

DURACIÓN:

90 min. aprox



VIAXE AO MUNDO SUBMARINO

A través da visita a nosa sala de Mundo Submarino, e con algún experimento práctico, descubriremos aos/ás participantes as distintas técnicas e aparellos que dende a antigüidade e ata a actualidade os seres humanos empregamos para mergullarnos.

Ademais visitarase o acuario para entender o avance que representa coñecer aos seres vivos no seu medio.

Obxectivos xerais.

- Descubrir que pode motivar ó ser humano a poñer en risco a súa vida nun medio alleo a súa natureza como é o fondo do mar.
- Coñecer que solucións técnicas desenvolvéronse ao longo do tempo para conseguir sobrevivir e descubrir os segredos submarinos.
- Decatarse das vantaxes científicas de investigar a natureza submarina no seu propio entorno e as utilidades prácticas cotiás que se derivan dese coñecemento e dun uso responsable dos seus recursos.



CURSOS:

3º a 6º primaria

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 50 participantes

DURACIÓN:

90 min. aprox



ORIXE DA VIDA

Na sala de oceanografía percorreremos o tempo para explorar as claves mariñas da orixe da vida no planeta. Por medio das pegadas deixadas no rexistro fósil, aprenderemos as distintas interpretacións que se fixeron ao longo da historia destes elementos. Así mesmo, coñeceremos a xénese da investigación científica, e remataremos coa visita ó acuario vendo a realidade abraiante da evolución e extinción de distintas criaturas mariñas. Ademáis cada alumno/a elaborará unha réplica de fósil mariño.

Obxectivos xerais.

- Comprender a importancia do mar como elemento onde se orixinou a vida no planeta.
- Adquirir conceptos importantes como: evolución, selección natural ou extinción entre outros.
- Sorprendernos con algunhas características abraiantes de certos animais mariños extintos.



CURSOS:

3º a 6º primaria

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 50 participantes

DURACIÓN:

90 min. aprox

ARQUEOLOXÍA UNHA CIENCIA POR DESCUBRIR



Nesta actividade o alumnado participante poderá achegarse á investigación científica no campo da arqueoloxía, mediante unha participación proactiva para coñecer e comprender as formas de vida dos grupos humanos en épocas pasadas. As cativas e cativos realizarán unha escavación simulada, relacionada co castro que se atopa no subsolo do noso museo o castro da Punta do Muíño do Vento. Do mesmo xeito, serán as propias alumnas e alumnos os que interpretarán os elementos achados e experimentarán algúns aspectos da vida cotiá da época galaico-romana.

Obxectivos xerais.

- Comprender de xeito sinxelo pero rigoroso os procesos de investigación científica propios da arqueoloxía.
- Valorar adecuadamente a importancia do patrimonio histórico e o legado arqueolóxico.
- Promover a toma de conciencia e a responsabilidade individual na conservación do patrimonio cultural.
- Descubrir algúns aspectos da vida cotiá da época galaico-romana e comparalos con aspectos da nosa realidade actual





ACTIVIDADES PRESENCIAIS

Secundaria e bacharelato



CURSOS:

Secundaria e bacharelato

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 50 participantes

DURACIÓN:

90 min. aprox



ARTES DE PESCA

Nesta proposta didáctica, achegarémonos ao enxeño desenvolvido a través da historia polas xentes que viviron no noso litoral co fin de obter e explotar os diferentes recursos pesqueiros e marisqueiros. Coñeceremos mellor o seu traballo cos elementos expostos na sala de "Historia da pesca" e, para rematar, cada alumna/o fabricará un aparello de pesca tradicional: unha raña para captura do polbo.

Obxectivos xerais.

- Valorar e transmitir a riqueza de coñecementos e tradicións herdados dos nosos devanceiros e as súas formas de vida.
- Coñecer diferentes recursos e elementos feitos con materiais do propio entorno que historicamente foron usados ó longo de séculos para pescar e mariscar.
- Descubrir a importancia do mar como fonte de recursos alimentarios.
- Fomentar a importancia do patrimonio cultural xa sexa material ou inmaterial en relación específica coas artes de pesca tradicionais en uso ou xa desaparecidas.



CURSOS:

Secundaria e bacharelato

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 50 participantes

DURACIÓN:

90 min. aprox



VIAXE AO MUNDO SUBMARINO

A través da visita a nosa sala de Mundo Submarino, e con algún experimento práctico, descubriremos aos/ás participantes as distintas técnicas e aparellos que dende a antigüidade e ata a actualidade os seres humanos empregamos para mergullarnos.

Ademais visitarase o acuario para entender o avance que representa coñecer aos seres vivos no seu medio.

Obxectivos xerais.

- Descubrir que pode motivar ó ser humano a poñer en risco a súa vida nun medio alleo a súa natureza como é o fondo do mar.
- Coñecer que solucións técnicas desenvolvéronse ao longo do tempo para conseguir sobrevivir e descubrir os segredos submarinos.
- Decatarse das vantaxes científicas de investigar a natureza submarina no seu propio entorno e as utilidades prácticas cotiás que se derivan dese coñecemento e dun uso responsable dos seus recursos.



CURSOS:

Secundaria e bacharelato

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 50 participantes

DURACIÓN:

90 min. aprox

NAVEGACIÓN



As rapazas e rapaces realizarán unha viaxe polo tempo descubriendo os distintos medios que permitían ao ser humano introducirse nun medio hostil e estraño como é o mar. Os participantes pescudarán sobre os distintos materiais cos que se pode flotar ou construír unha embarcación, os medios de control das mesmas e os sistemas de orientación mariños artesanais que se utilizaban e rematarán fabricando o seu propio cuadrante de navegación e comprobando o seu uso.

Obxectivos xerais.

- Coñecer os avances tecnolóxicos ao longo do tempo na navegación.
- Valorar a importancia do mar no intercambio cultural, mercantil, etc, entre pobos moi afastados a través das rutas de navegación.
- Adquirir coñecementos básicos da navegación na antigüidade



CURSOS:

Secundaria e bacharelato

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 50 participantes

DURACIÓN:

90 min. aprox



O ARTE DA CERÁMICA

Trátase dunha andaina temática no museo para descubrir mellor a historia da cerámica en terras galegas. As alumnas e alumnos descubrirán a importancia deste material, a arxila, na historia cultural e económica da humanidade e de igual xeito a relevancia da mesma nas sociedades que habitaron Galicia. Por enriba, as rapazas e rapaces farán un pote castrexo, ca técnica utilizada na época.

Obxectivos xerais.

- Coñecer a importancia da arxila no desenvolvemento tecnolóxico e cultural da humanidade.
- Achegarse a distintas aplicacións prácticas e funcionalidades dos obxectos fabricados con este material: construtivas, comerciais, lúdicas, relixiosas, domésticas, etc.
- Entender como os diferentes estilos tecnolóxicos e decorativos sérvennos para identificar e datar distintas culturas ó longo do tempo.
- Experimentar o enxeño e a destreza necesarias para a fabricación artesanal dun pote





ACTIVIDADES EN LIÑA

2º ciclo de infantil a bacharelato



CURSOS:

2º ciclo de infantil

Primaria

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 2 aulas ao mesmo tempo

DURACIÓN:

45 min. aprox



OS TESOUROS DO MAR

Actividade que nos vai a permitir coñecer en liña e en directo a diversidade mariña da nosa ría. Faremos esta viaxe pola riqueza da nosa costa amosando diferentes mostras dos distintos animais e plantas que a habitan.

Obxectivos xerais.

- Coñecer algúns aspectos elementais da vida mariña.
- Concienciar da importancia e singularidade da biodiversidade do litoral e particularmente das rías de Galicia.
- Fomentar aptitudes respectuosas cara o medio mariño.



CURSOS:

Secundaria e bacharelato

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 2 aulas ao mesmo tempo

DURACIÓN:

45 min. aprox



BREVE HISTORIA DO MERGULLO

A través da visita a nosa sala de Mundo Submarino, descubriremos aos/ás participantes as distintas técnicas e aparellos que dende a antigüidade e ata a actualidade os seres humanos empregamos para mergullarnos.

Obxectivos xerais.

- Descubrir que pode motivar ó ser humano a poñer en risco a súa vida nun medio alleo a súa natureza como é o fondo do mar.
- Coñecer que solucións técnicas desenvolvéronse ao longo do tempo para conseguir sobrevivir e descubrir os segredos submarinos.

CURSOS:

2º ciclo de primaria a ESO

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 2 aulas ao mesmo tempo

DURACIÓN:

45 min. aprox



MISIÓN. ECOINVESTIGADOR@S. Xogo de preguntas.

Xogo de preguntas pensado para facer na aula ou en calquera outro tipo de espazo educativo, co alumnado do 2º ciclo de primaria ata secundaria. A través da actividade os/as rapaces/zas pasarán a ser investigadores/as dos océanos e poderán aprender cales son as accións que estamos a levar a cabo os humanos que poderían acabar con eles. Deste xeito, farán un breve percorrido pola contaminación mariña non só orixinada polos nosos residuos, senón tamén polos desastres nucleares e polas verteduras de cru, que tan ben coñecemos nas nosas costas.

Obxectivos xerais:

- Fomentar vínculos emocionais co medio mariño.
- Visibilizar a situación global crítica do noso consumo para poder fomentar un cambio cara o desenvolvemento sostible.
- Dar a coñecer ao alumnado como evitar este tipo de desastres medioambientais.
- Poñer voz ás responsabilidades medioambientais individuais, pero tamén as colectivas, como sociedade.





CENTRO ARQUEOLÓGICO DO AREAL "SALINAE"

R/Rosalía de Castro, nº 21-23. 36201. Vigo

ACTIVIDADES PRESENCIAIS

2º ciclo de primaria a bacharelato



CURSOS:

2º ciclo de primaria a bacharelato

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 25 participantes

DURACIÓN:

90 min. aprox

Os sabores de Roma.



Nesta actividade faremos unha pequena introdución sobre a salina e os usos da sal e levaremos a cabo unha aproximación á cultura romana mediante a gastronomía da época, coñeceremos os praceres da mesa, como eran os banquetes romanos e que alimentos tomaban, entre outras cousas, todo un obradoiro gastronómico, no que para rematar verán como se realiza un prato, seguindo unha receita romana

Obxectivos xerais:

- Coñecer o centro en xeral e a Salina e o seu funcionamento en particular.
- Facer un pequeno achegamento a como era a gastronomía na época romana
- Concienciar sobre a importancia de preservar a nosa historia e os seus restos



CURSOS:

2º ciclo de primaria a bacharelato

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 25 participantes

DURACIÓN:

45 min. aprox

DESCUBRINDO SALINAE. *Visita guiada.*



Visita guiada en liña en directo onde coñecer os contidos do noso centro, no que poderán ver a única salina mariña de evaporación solar conservade e musealizada de todo o imperio romano.

Obxectivos xerais:

- Coñecer o centro en xeral e a Salina e o seu funcionamento en particular.
- Facer un pequeno achegamento a como era o mudo na época romana
- Concienciar sobre a importancia de preservar a nosa historia e os seus restos





ACTIVIDADES EN LIÑA

2º ciclo de primaria a bacharelato



CURSOS:

2º ciclo de primaria a bacharelato

Nº PARTICIPANTES:

Máximo 25 participantes

DURACIÓN:

45 min. aprox



DESCUBRINDO SALINAE. *Visita guiada.*

Visita guiada en liña en directo onde coñecer os contidos do noso centro, no que poderán ver a única salina mariña de evaporación solar conservade e musealizada de todo o imperio romano.

Obxectivos xerais:

- Coñecer o centro en xeral e a Salina e o seu funcionamento en particular.
- Facer un pequeno achegamento a como era o mudo na época romana
- Concienciar sobre a importancia de preservar a nosa historia e os seus restos



CONDICIÓN DAS ACTIVIDADES e RESERVAS

ACTIVIDADES PRESENCIAIS

HORARIO:

De martes a venres ás 10:00 ou 12:00
(OLLO! Alimentación dos peixes do acuario soamente ás 12:00)

PREZO: Gratis

ACTIVIDADES EN LIÑA

HORARIO:

De martes a venres ás 10:00 ou 12:00

CONEXIÓN CO CENTRO: App Cisco Webex (preferentemente)

Enviarase unha invitación ao centro para participar na videochamada.

Previamente convocarase para unha proba de conexión (o horario acordarase co centro)

MATERIAL DE APOIO PARA A AULA:

Algunhas das actividades teñen unidades didácticas e actividades para realizar na aula.

Enviaranse previamente á visita por correo electrónico

XOGO DE PREGUNTAS. MISIÓN. ECOINVESTIGADOR@S.

Os centros interesados deberán solicitar a ligazón ao xogo, entrase directamente clickando na ligazón a través da aplicación Genially, non require inscrición.

RESERVAS:

de martes a venres de 10:00 a 14:00

986247750

info.museodomar@xunta.es





Avenida Atlántida 160. 36208 Vigo.
Teléfono: 986247750

Elaborado por

